

Monterroso vive el esplendor de su Feira de Santos

Más de mil puestos, en los que encontrar practicamente de todo, son el principal reclamo para acercarse el día 1 a Monterroso a vivir en directo la magia de una cita con más de ocho siglos de historia y que este año recupera la feria ganadera.

ASESORIA DE EMPRESAS:
FISCAL, LABORAL Y CONTABLE
SEGUROS GENERALES

GA GESTORES ADMINISTRATIVOS

ROZAS-CAMPOS Avda. de A Coruña, 91, 1º - Tlfs.: 982 21 31 61 - 982 21 17 52 - Fax: 982 21 41 84 - 27003 LUGO

• Hacemos su Declaración de la Renta • Contabilidades • Seguros generales A.X.A. • Declaraciones de I.V.A. y pagos fraccionados
• Seguridad Social • Además de testamentaria, permisos de armas, licencias de caza y pesca, transferencias • Matriculaciones vehículos • Sociedades • Aperturas de industrias, etc...

OFICINAS EN:
C/ Alvaro Cunqueiro, 22 entlo.B Tel. 982 13 20 06 - Fax: 982 13 23 03 27780 FOZ
Avda.de Lugo, 10-1º Tel.: 982 37 76 76 - Fax: 982 37 76 77 27560 MONTERROSO
C/ Quiroga de Argentina, 4 Tel. 982 42 10 06 - Fax: 982 42 12 05 27320 QUIROGA

DE TODO La Cúpula y las calles aledañas se convertirán en ríos de gente para disfrutar de un evento que convierte a Monterroso en el epicentro de una cita tradicional que ha sabido adaptarse a los tiempos. Se calcula en más de mil los puestos que se instalarán.

Más de un millar de puestos para que nadie se vaya con las manos vacías de Monterroso

kioskoymas#pablovsande@atalayacomu

TEXTO **M.D.**
FOTOS **XESÚS PONTE/EP**

Será difícil que alguien se vaya mañana con las manos vacías de Monterroso, pues las previsiones son que se monten más de mil puestos, tanto en la Cúpula, reservada para alimentación, como en el resto de calles aledañas, donde se instalarán el resto de expositores hasta completar un inmenso mercado en el que se podrá encontrar de todo, o casi de todo.

"Un dos grandes atractivos de Santos é precisamente esa diversidade: produtos agrícolas e de tempada, alimentación, artesanía, roupa e calzado, maquinaria e moitos outros artigos. É un espazo no que conviven a feira tradicional e as formas de comercio actuais", asevera el alcalde, Eloy Pérez Sindín, al frente de la organización de un evento que se celebra desde hace más de ocho siglos. "Quen vén a Santos non se achega só para comprar; vén tamén para vivir o ambiente dunha feira que se estende pola vila e na que sempre hai algo que descubrir", asiente.

Tradición que continúa

Es una cita que gusta tanto al que compra como al que vende y son muchos los puestos que llevan años siendo fieles a un evento en el que les gusta y les compensa estar. Algunos lo heredaron de sus padres, como es el caso de José González de la Torre, de Frutas La Andaluza o de la pulpeira Ana Fernández Paz.

"Temos un vídeo do 74, que foi o ano en que nacín, no que miña nai xa viña embarazada de min á feira, así que máis non se pode", cuenta entre risas Ana, quien regenta con su hermano Alberto la pulpería de O Carballiño que fue de sus padres y que mantiene su nombre, Mario e Laura.

Para Ana, la Feira de Santos, "é un día moi bonito, porque permite reencontrarte con clientes que levas moitísimo tempo sen ver, porque non adoitan vir a outras feiras, pero o día 1 nunca faltan en Monterroso".

Un día para el que, sobre todo, pide que no llueva, pues el tiempo condiciona la asistencia. Aunque el goteo de gente es una constante en Santos, "a diferenza doutras feiras que podes ter máis horas mortas pola mañá", Ana reconoce que también los tiempos han cambiado y recuerda como hasta no hace mucho "íamos o día anterior e durmiamos alí para que non houbera lío para entrar coa furgoneta e descargar. Tamén antes a xente que viña co gando chegaba ás catro da mañá e ás oito xa estaban comendo", dice, sobre un cambio de hábitos que se nota además en que "agora recollemos máis cedo, xa á tarde".

La ración de pulpo se servirá a 10 euros y se podrá completar con las viandas que ofrecen en otros establecimientos, como churrasco, carne ao caldeiro, carne asada, chuletas o callos.

Seguridad
"O obxectivo é que a xente desfrute con tranquilidade"

La gran abundancia de visitantes que se aguarda obliga al Ayuntamiento a establecer un plan de seguridad, pues "o obxectivo é que a xente desfrute da xornada con tranquilidade e que os accesos e os percorridos se desenvolvan coa maior fluidez posible", dice el regidor. Para ello, además de para regular el tráfico, se cuenta con el apoyo de Guardia Civil, Policía Local, GES y una ambulancia.

20.000
personas
Pueden llegar a concentrarse en Monterroso, aunque la cifra definitiva depende de diversos factores, entre ellos el tiempo, pues la ausencia de lluvias siempre anima más a que los de lejos se decidan a acudir.

Colaboración
Desde el Ayuntamento se pide a los asistentes que aparquen en las zonas indicadas, mantengan limpia la localidad y vigilen sus efectos personales.

La cita, en 2025, con Ana Fernández y José González, a la derecha.





"Con fame non se vai a xente de Monterroso", señala Ana.

Productos de temporada

Desde Melide llega desde hace medio siglo a Monterroso Frutas La Andaluza, que debe el nombre a que la madre del actual propietario nació en Almonte (Huelva).

Ahora es José quien se hace cargo de un negocio para el que nació y se crio. "Desfruto, porque me gusta moito vender", señala, reconociendo que de las ferias lo que más le gusta es hablar con la gente mayor: "Encántame, porque son auténticos e é xente con moita retranca".

También se congratula de ver a la gente joven en las ferias, lo que augura su futuro. "Agora hai centros comerciais e internet, pero é importante apoiar ao pequeno comercio", apostilla.

Sobre la cita de Monterroso, reconoce que el trasiego de público es continuo "e iso que nós montamos ás seis e media da mañá cando o pobo está baleiro e non podemos falar máisn que da xente que pasa polo posto". A Santos llevan un poco de todo, pero los productos de otoño son los que tienen más salida. "Temos castañas, noces, marmelos, e empezamos co caqui e as nabizas e logo virá o grelo", señala.

Son muchas las feiras que hace Frutas La Andaluza, que cuenta con tienda en Melide y Arzúa, negocios que han ido diversificando y hacen reparto en seis colegios y sirven a locales de hostelería del Camiño. "No rural non hai diferenza entre os clientes que acuden á feira e os que veñen á tenda", remarca José González, encantado un año más de poder acercarse a Monterroso.













Xacobeo 2027 · XUNTA DE GALICIA · A VILA DAS FEIRAS MONTERROSO · CONCELLO DE MONTERROSO · //ABANCA · PLAN DEPUTACIÓN DE LUGO 2026

Terra de Monterroso

O Centro de Interpretación de Monterroso conta con diversa documentación na que se reflicte a importancia da feira para o crecemento da vila.

Presentar o patrimonio de Terra de Monterroso (topónimo co que foi nomeado este territorio antes da creación do actual concello a mediados do século XIX) é tarefa ardua pola súa riqueza e diversidade. Monterroso é terra de torres feudais como a de Penas, de igrexas románicas como Novelúa, Pedraza, Fente... do Camiño Francés de Santiago ao seu paso por Ligonde, da súa vintena de castros, de pazos singulares como o da Laxe, o de Seixós, etc. Os nomeados son algúns dos lugares míticos e emblemáticos coñecidos por moitos, pero unha ínfima parte da verdadeira riqueza en vestixios artísticos e culturais monterrosina.

Un conxunto patrimonial importante e nunca nomeado fórmano os documentos escritos (a maioría manuscritos) que se albergan no Centro de Interpretación Monterroso, a vila das feiras. Enténdase por tal a escrituras de carácter legal, civil, relixioso, costumista, etc, e non a obras bibliográficas (que destas nos ocuparemos noutro intre). A realidade é que estamos referíndonos a aproximadamente unhas mil escrituras, que van dende principios do século XIII ata o século XX. Forma este compendio un importante legado que nos conta a historia e os acontecementos doutras épocas que atinxiron a Monterroso, á Ulloa e, incluso, a toda Galicia.

A orixe desta documentación é debida a varias doazóns de particulares, as máis importantes son de don Carlos Méndez Vázquez e a súa familia, pero houbo máis persoas que decidiron que o pobo de Monterroso fora o destinatario destes bens materiais.

Cando un investigador nos fala dun documento antigo, e o emprega para transmitirnos datos que descoñecíamos, prodúcese en cada un de nós case que maxia ao descubrir información dos nosos antepasados que moitas veces nin imaxinabamos. Pois ben, para que isto ocorra, o documento tivo que ser resgardado, coidado e depositado nalgún espazo accesible para os estudosos. Pero os documentos non caen do ceo computados, organizados e clasificados en legaxos, carpetas, etc. Algúns é verdade que si, que chegan aos arquivos con algún criterio de organización, pero outros veñen revoltos con papeis variopintos e intranscendentes.

Cheguen do xeito que cheguen, é preciso en primeiro lugar garantirlles unhas condicións óptimas de conservación, e secundariamente empeza o proceso de numerado e clasificación e, na medida do posible, referenciado do contido básico dos mesmos para posteriormente poder facilitar o acceso dos investigadores. Este é o estadío no que está a documentación de Monterroso, clasificándose.

Documentos sobre a Feira

Imos aludir a unha (entre moitas) das carpetas que cando chegou ao Centro de Interpretación traía o título 'Feira', elexímola pola proximidade á celebración de Santos, pero podíamos encetar a tarefa de achegar o fondo documental do Centro de Interpretación por calquera outro legaxo. Ten doce documentos, os máis son orixinais e outros copias doutros arquivos da bisbarra que non están abertos ao público (de aí o seu interese, porque permiten chegar a unha información doutra forma descoñecida) e incluso, conta cun recorte de periódico do século pasado.

Atopamos un documento do 1 de novembro 1555 que durante moitos anos e, ata que se atoparon escritos do século XIII sobre a feira, se pensou que era o primeiro vestixio escrito sobre a mesma. Por el sabemos que cada día de feira se mobilizaba un notario público alí, e tamén coñecemos que Feira de Monterroso non só foi empregado para referirse ao evento senón tamén como topónimo, para aludir ao lugar onde se celebraba. Comeza "En la Feria de Monterroso", conta como Catalina Blanco vende a Pero de Sobrado os bens que ten en Santa María de Olveda, actúa como escribán Pero Díaz.

O seguinte documento no tempo é de 1643, reza "En la feria pública de Monterroso a primero día del mes de deziembre" e di que "paresció don Arias Conde de Monterroso y Ulloa vecino de la feligresía de Santiago de Ligonde". Afora a Mateo de Caldelas de San Martiño de Bedro, Finca Juncal e Viña das Quintas en San Juan de Loyo por 1 real en moeda de vellón e catro canados de viño por cada Sanmartiño. Actúa como escriván R. da Belleria.

O terceiro documento é do 1676. Comeza: "En la Lage y Feria de Monterroso, feligresía de San Miguel de Esporis". Nel Jacobe do Caregal de Santa María de Arxeriz, xurisdicción de Rosende, vende a don Arias de Ulloa de Santiago de Ligonde, señor do couto de Rosende, catro quartales e medio de pan, por vintecatro ducados "ypotecados en el nabal que dicho otorgante tiene dando a la casa de morada".

O seguinte documento é do 1682. Isabel de Agrolento vende 2 ferrados de pan de renda. Tamén foi feito na feira.

Situación xeográfica

Diferente é unha escritura do 1723, é unha Paulina promovida polo señor de Podente pola ocupación e desperfectos no lugar de Toiriz, propiedade deste. Nela atopamos ademais unha querela de forza, unha oración de maldición e excomunión, alusións a diferentes camiños como o de Toiriz a Sonán ou o Camiño Real que pasa por Vilar de Cabalos. Interesante a situación xeográfica: "En San Miguel de Espuriz, jurisdicción de Monterroso, estados da Ulloa".

Logo sitúase un escrito do 1743 que encabeza "En la feria publica del lugar de La Laxe de Monterroso, fra. de San Miguel de Esporiz, nel Bernardo Vázquez de Amoexa vende a Andrés Vázquez do mesmo lugar, unha leira dun ferrado (medida de centeo), en cen reais de vellón". Exerce de escriván Matheo Vázquez.

O seguinte documento é un extracto do Catastro de Ensenada, San Miguel de Esporiz sobre a feira.

Moi interesante é o embargo de xénero na Feira de Monterroso do 1 de abril do 1803 por valor de 6.490 reais de vellón aos irmáns Benito e Pedro Casares, residentes na xurisdición de Deza. Actúa como correxidor d. Benito Antonio García y Noboa.

Grazas ao "Deslinde xudicial del Campo do Mato y Revoltas" feito polo notario Lorenzo Vázquez Vila no 1874 coñecemos os lindes dos feirais do centro da actual vila de Monterroso, e o número de casas que alí había.

Un documento sen data e outro do 1881 infórmannos sobre sendas casas nas inmediacións dos feirais, chamadas "de la tienda y por otro nombre del cuartel" e da adicada a taberna que é procedente da desamortización dos bens do clero.

Remata a carpeta cun texto periodístico sobre o Castiñeiro da cera na Praza de Santa Lucía do século XX.

Conservar a historia

Retomando todo o anterior, sen dúbida que cada un dos documentos aporta datos valiosísimos para a nosa historia: o custo da vida, a moeda que era de curso legal en cada momento, as diferentes medidas previas á instauración do sistema decimal, costumes, formas de vida, etc. Singularidades como que a medida dun ferrado era diferente segundo o gran polo que fora medido. Así non é o mesmo se é de centeo que se é de liño.

Queda logo presentada esta carpeta, non así todos os documentos que tratan sobre a feira, existentes no Centro de Interpretación Monterroso, A vila das feiras; que son moitos máis, e que se achan espallados, ben noutras carpetas que tamén teñen o rótulo 'Feira', ben seguindo outra organización e baixo outro nome, ou incluso, en caixas que chegaron sen ningún tipo de orde e que, dependendo do caso, poden estar máis ou menos procesadas.



Centro de Interpretación Vila das Feiras. AEP

GARCÍA GÓMEZ, A. &
GÓMEZ ALVITE, M. J.

TRIBUNA

NEUMÁTICOS BESTEIRO
• Vulcanizado de cubiertas • Lavado y engrase
• Cambio de aceite • Alineado de dirección
• Lavado automático
Polígono industrial parcela, 59-60 | MONTERROSO (Lugo) | 982 37 73 80

FABRICACIÓN DE SILOS
E INSTALACIONES GANADERAS
VIDAL VALLEJO
carpintería metálica AVIEIRO
Travesía de Esporiz, nº 6 • MONTERROSO (Lugo) • 982 37 71 90 - 635 45 46 72

ELOY PÉREZ SINDÍN ALCALDE DE MONTERROSO

"A Feira é a memoria viva de Monterroso, un orgullo que compartimos con toda Galicia"

Conservar a autenticidade dunha feira con máis de oito séculos de historia é unha das tarefas máis gratas para o alcalde de Monterroso, quen agarda que os visitantes gocen da cita e do moito que ofrece a localidade e A Ulloa.

TEXTO **M.D.**
FOTO **EP**

Hai moita xente implicada na celebración da Feira de Santos, que é moito máis, pois pasa por ser un encontro comercial, cultural e social.

Que supón como alcalde organizar unha cita tan emblemática?

Para min é unha honra inmensa e, ao mesmo tempo, unha das maiores responsabilidades que asumimos desde o Concello. Estar á fronte da organización da Feira de Santos significa custodiar unha parte esencial da nosa historia. Non estamos a falar dunha feira calquera; falamos da nosa identidade, das nosas raíces e dunha maneira de entender a vida, o comercio e as relacións humanas que levan máis de oito séculos facendo de Monterroso un lugar de encontro. É emocionante pensar en cantas xeracións de gandeiros, agricultores, tratantes, comerciantes e familias pasaron por aquí. Como alcalde, sinto o orgullo de representar unha vila capaz de manter viva unha cita que transcende as nosas fronteiras e compartimos con toda Galicia. Teño moi claro que isto non é mérito dunha soa persoa nin dun goberno: é unha obra colectiva, construída durante séculos polos veciños e veciñas de Monterroso. A nosa misión é estar á altura desa herdanza, organizar unha feira segura e acolledora e facer que cada visitante marche coa vontade de regresar.

Que é o máis complicado de levar a cabo?

O maior desafío é conseguir que unha vila como Monterroso se transforme, nunhas poucas horas, nun gran espazo comercial capaz de acoller a multitude de vendedores, expositores e visitantes que chegan por Santos. O reparto dos postos esixe semanas de planificación. Hai máis dun mes que o persoal municipal atende consultas, reservas e peticións, procurando dar cabida ao maior número posible de profesionais e particulares, sen perder de vista a accesibilidade, a seguridade e a mobilidade. O traballo máis intenso chega na véspera; o persoal do Concello e efectivos do GES están implicados na organización e a brigada de obras realiza un esforzo enorme para que, cando entren os primeiros visitantes, a feira estea preparada. A iso hai que engadir a coordinación do tráfico, que nas horas punta require a colaboración entre a Garda Civil, Policía Local e emerxencias. Detrás dunha xornada de festa hai moitas persoas traballando con entrega e profesionalidade. Quero recoñecerlles expresamente ese labor.

Manter unha cita con tanta historia non é fácil, como tampouco adecuala ao futuro. Como buscan achegala ás novas xeracións?

A mellor noticia é que Santos non é unha tradición pechada nun museo: é unha tradición viva. Para moita xente nova de Monterroso, incluso para quen estuda ou traballa fóra, o Primeiro de Novembro é unha data sinalada no calendario e unha oportunidade para volver á casa e reencontrarse cos seus. Esa conexión emocional é unha forza extraordinaria. O noso reto consiste en conservar a autenticidade e, ao mesmo tempo, facer que a feira resulte atractiva para quen a descubre por primeira vez. A presenza dos produtos locais, da artesanía, da gastronomía e do comercio permite explicar de onde vimos e por que o mundo rural segue a ter tanto que ofrecer. Cando unha persoa nova sinte que esta feira tamén é súa, estamos a garantir unha parte do seu futuro.


Eloy Pérez (esquerda), coa conselleira de Medio Rural, na cita do 2025.

> **"Cando unha persoa nova sinte que esta feira tamén é súa, estamos a garantir unha parte do futuro"**

É unha oportunidade para mostrar o municipio e que os visitantes regresen como turistas. Que lles recomenda non perder?

O primeiro que lles recomendaría é coñecer o Museo e Centro de Interpretación Monterroso, A Vila das Feiras, que permite entender por que a actividade feiral forma parte da nosa maneira de ser. Este ano, coma en anteriores, está prevista a súa apertura durante a mañá da feira. Tamén se poden concertar citas previas para visitas particulares ou grupos noutras datas. Diríalles ademais que se deixen levar polo ambiente das nosas rúas, que entren nos comercios, que coñezan os nosos produtos e desfruten da gastronomía. E, cando remate Santos, convidaríaos a volver con máis tempo para descubrir Monterroso e a comarca da Ulloa.

É logo un importe impulso para a economía local?

Santos é un día de actividade extraordinaria para o comercio, a hostalaría e numerosos produtores e servizos de Monterroso e da contorna. E hai un beneficio que vai máis aló das vendas: a proxección de Monterroso. Miles de persoas coñecen os nosos establecementos, proban os nosos produtos e descobren a nosa vila. Cada boa experiencia pode converterse nunha futura visita ou nun novo cliente e ese efecto escaparate é moi valioso, especialmente para un concello rural.



ALICIENTE La cita incluirá este año la feria ganadera que no pudo celebrarse el pasado por motivos sanitarios. Un impulso más para una cita que el Concello quiere promocionar fuera, con proyecciones en las salas de cine.

El ganado vuelve a la feria, sobre la que se grabará un documental

TEXTO **M.D.**
FOTO **SILVIA CASTRO**

Una de las razones intrínsicas de la cita de Santos de Monterroso es la celebración de la feria ganadera, con esos tradicionales tratos entre tratantes y compradores, que volverán a ser una realidad este año, tras tener que suspender el certamen en 2025 por las restricciones sanitarias.

"O mercado gandeiro foi, durante xeracións, un dos grandes motores de Santos, e queremos que siga ocupando o lugar que lle corresponde", se congratula el alcalde, Eloy Pérez Sindín, sobre el retorno de los animales.

"A feira de gando é unha das expresións máis auténticas da nosa historia comercial. É especialmente ilusionante recuperar plenamente ese ambiente despois das limitacións sanitarias que condicionaron a edición anterior pola dermatose nodular contaxiosa", apunta.

Una apuesta más que ayuda a impulsar la Feira de Santos, reconocida hace 15 años con la distinción de Interés Turístico de Galicia y que pugna ahora para ser reconocida como de Interés Nacional para lo que desde el Concello están preparando el necesario expediente.

"Conseguir ese recoñecemento sería un paso moi importante para a proxección da feira e de Monterroso e amplificaría a súa visibilidade", remarca el mandatario, quien adelanta que entre las propuestas de futuro "figura a colaboración cunha produtora para elaborar un documental con imaxes rodadas en Monterroso e procurar a súa proxección en salas de cine".


Exposición y venta de reses, en la feria monterrosina.

Sobre el estado del expediente, reconoce Pérez Sindín que "é un traballo que require rigor, continuidade e capacidade para acreditar a historia, a relevancia e a difusión desta cita. Levamos xa tempo recompilando e preparando documentación escrita e gráfica, que se vai enriquecendo co material de cada edición".

La Feira de Santos es de Interés Turístico de Galicia y se trabaja desde el Concello para optar a ser de Interés Nacional

La artesanía volverá a estar también muy presente este año como una forma de apostar por los oficios tradicionales.

TALLERES GOMEZ FONTAO
Reparación integral del automóvil
Polígono industrial de Monterroso, parcela I.03 (Lugo)
talleresgomezfontao@gmail.com | 661 146 013 - 639 256 828

RECAMBIOS ROICAR
RECAMBIOS Y ACCESORIOS
Pol. Ind. Monterroso, parcela i.05
recambiosroicar@hotmail.com
www.recambiosroicar.com
Tel: 982 37 77 35
27560 MONTERROSO
(LUGO)


RP
RESTAURANTE
PACIOR
Menús para comer como na casa
Calle Doutor Pereiras Espiño, nº16 - Monterroso · 982 06 50 57

ADMINISTRACIÓN DE LOTERÍAS
NUEVA GERENCIA
Loterías y Apuestas del Estado
Avda. de Pontevedra, nº 4 • 27560 • MONTERROSO (LUGO) • 982 377 528
pedidos@loterialugo.com • www.loteriadelugo.com

AFLUENCIA La feria de Monterroso nació antes que la propia villa, que debe justo su origen a la concentración de vendedores en ese cruce de caminos, donde se vendía ganado procedente de toda Galicia que se llevaba hasta Castilla para las labores del campo, con otros muchos productos.

Todo empezó en un cruce de caminos

TEXTO **M.D.**
FOTOS **CARLOS VALCÁRCEL**


Diferentes momentos de la Feira de Santos en el pasado siglo.

La Feira de Santos es la más importante de todas las que se celebran cada primero de mes en el municipio y así es desde tiempos inmemoriales, pues aunque no se sabe realmente cuándo empezó los primeros documentos en los que se hace referencia a ella datan de 1219, dando potestad al monasterio de Sobrado para cobrar en la feria monterrosina el impuesto ('pedaticum') de la sal, que era monopolio real.

Son pues, más de 800 años de celebración de la cita, interrumpida solo en pandemia, que se centró desde sus inicios en la compraventa de ganado, que llegaba desde diversos puntos de Galicia con destino en parte a tierras de Castilla. Vendedores y compradores, de uno y otro lado, se citaban así en una de las ferias gallegas más importantes, en la que también se vendían aperos de labranza y excedentes de las cosechas.

La Feira de Santos fue siempre mucho más que una actividad comercial, pues en tiempos en los que desplazarse no era tan fácil se aprovechaba la asistencia al evento para otros quehaceres como ir al barbero, hablar con el veterinario, verse con un abogado o consultar con el médico. La documentación existente revela que un tercio de las escrituras notariales levantadas en Monterroso entre los siglos XVI y XIX se tramitaron durante la feria, lo que da idea de su importancia.

Una cita que tenía también mucho de encuentro social, como sucede en el presente, donde Santos mantiene su tremendo poder de convocatoria. En la actualidad, solo se celebra un día, aunque antaño solía prolongarse hasta tres jornadas.





EMOCIÓN A Vila das Feiras es un centro de interpretación idóneo para entender lo que significaron estos eventos en la sociedad gallega y, por extensión, en Monterroso, cuyo nacimiento es fruto de estas citas. Un espacio donde el pasado se vueve presente.

Un museo que mana historia y que es el orgullo de todos los monterrosinos

kioskoymas#pablovsande@atalayacomunicacion.com

TEXTO **M.D.**
FOTOS **EP**

Como cada primero de noviembre, el Centro de Interpretación de Monterroso A Vila das Feiras estará abierto para que se pueda admirar una parte de su pasado, desde la prehistoria hasta nuestros días, además de poder reinterpretarse de manera excepcional las feiras gallegas, que fueron la cuna del nacimiento de la localidad.

Los fondos que están expuestos son solo una pequeñísima parte de los que se custodian y se trabaja en su catalogación para conseguir que el museo pueda mostrar muchas más de las grandes joyas que atesora. "Temos reloxos, cruces, maquetas, vestimenta tradicional, pinturas, ou candís e farois como algunhas das máis salientables anteriores a que chegara a electricidade, pero tamén recordos de cando se construíu a igrexa, como os planos ou restos de fundición das campás", explica María José Gómez Alvite, filóloga y estudiosa de la historia local y la gran artífice de la catalogación del museo, que enseña también de forma altruista.

ORGULLO PATRIO. Un centro del que se siente orgullosa, como sabe que lo están la inmensa mayoría de los vecinos. "Cando vén xente do municipio, adoita volver coa familia e amigos, porque ao coñecelo se sinten orgullosos porque é de todos nós", señala, animando a aquellos que no lo han visitado a que se acerquen porque les va a sorprender para bien. "Están todos convidados a vir", dice encantada.

Quien lo visite, además de las piezas mencionadas podrá contemplar otras muchas de gran interés; una de las más curiosas es un molde para confeccionar las obleas para comulgar, "que antaño se facían ao calor da lareira". Llegó, como la inmensa mayoría de las cosas, gracias a la cesión del sacerdote Carlos Méndez, el impulsor del primer museo etnográfico que estuvo en la casa rectoral.

"Foi recollendo obxectos por todas as parroquias e normalmente á xente llos daban á cambio de oficiar unha misa, aínda que tamén se conservan recibos do que pagara por adquirir determinadas cousas", asevera Alvite, quien también aportó piezas de su colección particular, pues de su propiedad son las 'escouras de ferro' que se pueden ver en el centro de interpretación y que fue recogiendo desde que era niña porque siempre le llamaron la atención "esas pedras negras con burbullas" que no son otra cosa que restos de hierro fundido que no se usó por las impurezas que contenía, "o que vén a mostrar esa incipiente metalurxia que había en moitos castros, incluso nos que non foron romanizados; o que constata, como así o demostraron as catas arqueolóxicas, que os castrexos xa coñecían a metalurxia", afirma.



Pondus y 'escouras'. A la derecha, verraco, molinos y fragmentos varios.

















Los restos castrexos y romanos son de los grandes tesoros con que cuenta el museo, al margen de su gran archivo documental. Entre las primeras piezas se encuentra un pondus, o piedra como unidad de peso, con unas inscripciones con letras romanas que no se han podido descifrar y que pasa por ser uno de los contados ejemplares que existen en España, según los investigadores Abascal Palazón y Gómez Vila. Una pieza exclusiva a la que se suman otras como los pondus de los telares que, con un agujero en medio, "servían de contrapeso para o tear romano", puntualiza Alvite.

También exclusivo es el verraco, una escultura en piedra de un jabalí que fue descubierto al acometer unas obras para una traída de aguas. "Está considerado polos investigadores unha marca territorial, un tótem, un protector do clan. Chegou a nós practicamente intacto, está exposto e segue a protexernos", asevera Alvite sobre una pieza icónica de un metro de largo y cerca de 50 centímetros de ancho.

De esta época se conserva abundante cerámica y de diversos tipos, tanto negra, como sin teñir, el tradicional ladrillo besal romano y tejas, "as tégulas, feitas naqueles fornos que tiñan nos castros e que contan con moitas imperfeccións, pero que son algo moi significativo", señala la responsable del museo.

'PALLABARROS'. También singulares son los 'pallabarros', paredes que se usaban para levantar las viviendas de los castros, realizadas con ramas a las que se aplicaba una capa de barro y de las que hay varios trozos expuestos.

Los molinos son otras de las piezas de gran valor que se conservan en la zona. "Están os barquiformes ou naviformes, así chamados porque a parte inferior é como o casco dun barco. É onde se poñía o gran e movíase a pedra superior —que era redondeada—, e por fricción transformaba o gran en fariña. Son máis escasos que outros que temos, que son os chamados muíños romanos, con dúas pezas redondas e un burato na superior, onde se metía o tarabelo e tirando del, xiraba a roda e facía caer a fariña".

Piezas a las que se suman otras muchas, repartidas en las diversas salas habilitadas, que bien merecen una visita, tanto en Santos como el resto del año.



